

CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011- 2015 (PLAN I2C) ANO 2013 CARACTERÍSTICAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

No Diario Oficial de Galicia do día 9 de agosto de 2013 publicouse a orde do 2 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C).

DATOS DE INTERESE

Convocatoria: **Axudas á etapa predoutoral**

Fin do prazo de presentación de solicitudes: **Antes das 14 horas do día 3 de setembro de 2013**

Lugar de presentación: **OIT Santiago / Lugo.**

A solicitude do certificado do número de teses dirixidas e defendidas: **deberá realizarse no CPTF (Casa de Catedráticos, Campus Vida)**

MODALIDADES DAS AXUDAS

Modalidade A: Axudas de carácter xeral de apoio á etapa predoutoral.

Modalidade B: Axudas de carácter específico de apoio á etapa predoutoral, no ámbito do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar.

Modalidade C: Axudas de carácter específico de apoio á etapa predoutoral, no ámbito do Campus de Excelencia Internacional Campus Vida.

En canto as propostas para participar dentro da *Modalidade C: Axudas de carácter específico de apoio á etapa predoutoral, no ámbito do Campus de Excelencia Internacional Campus Vida*, a USC considerará que o traballo proposto se encadra dentro dos obxectivos do Campus de Excelencia, **cando este se realice no marco dos programas de doutoramento que a Escola de Doutoramento Internacional estableceu como asociados a Campus Vida en razón de que os seus obxectivos contribúen a conformar o seu perfil especializado no ámbito das ciencias e tecnoloxías da vida, entendidas estas no seu senso mais amplo, tanto a nivel docente como investigador. A relación dos Programas de Doutoramento e a súa vinculación cos clúster no que se estrutura a oferta de doutoramento e as liñas de I+D do Campus de Excelencia, pódense consultar no Anexo I do seguinte enlace:** http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1364_gl.pdf

DURACIÓN DAS AXUDAS

A duración das axudas será dun máximo de tres anos.

DOTACIÓN ECONÓMICA

A axuda concedida para cada contrato en cada unha das modalidades será:

Modalidade A: 19.000 euros anuais

Modalidade B: 22.000 euros anuais

Modalidade C: 22.000 euros anuais

Nestes importes están *incluídas a retribución bruta e o pagamento dos custos sociais*.

DATOS DE INTERESE PARA CUMPRIMENTAR O ANEXO III

Razón Social: Universidade de Santiago de Compostela

NIF: Q1518001A

Tipo de vía: Campus

Nome da vía: Campus Vida

Número: s/n

CP: 15782

Provincia: A Coruña

Concello: Santiago de Compostela

Localidade: Santiago de Compostela

Teléfono: 881816201 / 881816218

Correo electrónico: emilio.santos@usc.es

Na súa representación: Francisco González García

NIF: 34908578Y

En calidade de: Vicerreitor de Investigación e Innovación

SINATURA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As Universidades son as responsables de presentar de xeito individualizado as solicitudes, que deberán axustarse ao modelo normalizado que se publica como anexo á convocatoria. As devanditas solicitudes deberán ir asinadas polo representante legal da Universidade. Para dar cumprimento a este requirimento será necesario que os interesados achegen á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Campus de Santiago/Lugo) os formularios xunto co resto da documentación, antes das **14 horas do día 3 de setembro de 2013**.

Tendo en conta as datas nas que nos atopamos, rogase aos solicitantes de calquera das modalidades que acheguen á Oficina de Investigación e Tecnoloxía a documentación para ser asinada polo representante da USC, á maior brevidade posible.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2013
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación